

## Solucións semana do 11 ao 15 de maio

### 1 ESQUEMA IDEAS

1. Recepción na actualidade de moitísima información.
  - 1.1 Dificultade dunha análise crítica
  - 1.2 Os elementos culturais galegos non chegan á sociedade
2. A sociedade actual non valora a cultura do esforzo nin do coñecemento.
  - 2.1 Dáselle moito aprecio á frivolidade e superficialidade.
3. Infravaloración da cultura galega pola súa ausencia nos medios.

### 2 Significados:

-**sentido crítico**: pensamento fundamentado e razoado, despois dunha análise.

-**Figura tóxica**: persoa que exerce unha influencia negativa sobre aquelas aue a seguen.

-**Referente da escrita**: escritor que polos seus méritos literarios é admirado e seguido por outros escritores.

-**carto rápido**: obtención de beneficio económico inmediato e sen esforzo.

-**termóstato da saúde social**: indicador que nos permite coñecer cal é a situación dunha sociedade.

### 4 explicación preguntas

As tres preguntas son interrogacións retóricas e non agardan ningunha resposta, pero si teñen unha finalidade clara no texto. A autora pretende facernos reflexionar sobre a cuestión que presenta: que nos cuestionemos a importancia que lle dan os medios e a propia cidadanía ao papel que teñen na nosa sociedade os investigadores, literatos, científicos..., fronte a outras profesións que si están no foco mediático e social (futebolistas e modelos). Pretende que nos decatemos de que primamos a superficialidade fronte ao esforzo.

### 5 polisemia/homonimia:

-polisemia: un significante e varios significados. Figura: "persoa que destaca" e "obxecto xeométrico"

-homonimia: dous significantes diferentes que por evolución coinciden na súa forma, pero que teñen dous significados diferentes. Polo: "cría da galiña" e "deporte"

Homófona: valor(valentía) e balor (mofa) son dúas palabras que se pronuncian igual pero teñen grafía distinta e distinto significado.